

INFORME PARA A AVALIACIÓN INTERNA SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

CONVOCATORIA: 2015-2016

PROVISIONAL

FINAL DATA: 11 de setembro de 2017

DATOS DO TÍTULO	
Denominación do Título	Grao en Linguas Estranxeiras
Centro/s onde se imparte o título	Facultade de Filloxía e Tradución
Resultado do proceso de seguimento	<input type="checkbox"/> CONFORME EXCELENTE <input checked="" type="checkbox"/> CONFORME (B) <input type="checkbox"/> NON CONFORME

INFORME PARA A AVALIACIÓN INTERNA SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

Inclúe as alegacións
CONVOCATORIA: 2015-2016

PROVISIONAL

FINAL

DATA: 31/05/2017

DATOS DO TÍTULO	
Denominación do Título	Grao en Linguas Estranxeiras
Centro/a onde se imparte o título	Facultade de Filoloxía e Tradución
Resultado do proceso de seguimento	<input type="checkbox"/> CONFORME EXCELENTE <input checked="" type="checkbox"/> CONFORME <input type="checkbox"/> NON CONFORME

Aprobado en Comisión de Calidade o 14 de xullo de 2017

Asinado: Susana Rodríguez Barcia
Vicedecana de Calidade

Luis Alonso Bacigalupe
Decano



Xustificación Xeral do Resultado:

Cumprimento do proxecto establecido:

A documentación presentada leva a percepción de que o título funciona de forma aceptable pero que existen deficiencias máis ou menos relevantes que lastran o seu funcionamento.

En xeral, os indicadores globais do título son moi aceptables, ao igual que os resultados globais de aprendizaxe e os resultados globais das enquisas de avaliación docente. Sorprendentemente, os resultados das enquisas de satisfacción non parecen coincidir cos valores do parágrafo anterior.

A web é bastante completa. Ao estar deseñada para o centro, moita da información desagregada para cada unha das titulacións non existe (os horarios, a listaxe de profesorado, etc.). Isto obriga a realizar un esforzo adicional para atopar determinada información relacionada coa titulación.

Unha das principais deficiencias que se observa é a falta de mecanismos formais de coordinación. Existen responsables de coordinación pero non parece que a meirande parte dos axentes que participan na impartición do título asuman o labor. Ademais, non existen evidencias: deberíase levantar acta de todos os actos relativos a coordinación (participantes, asuntos a tratar, argumentos de debate, decisións, etc.).

Como consecuencia da falta de colaboración na coordinación, obsérvase que as guías docentes, malia que pretenden ter o mesmo formato, presentan deficiencias, porque as competencias das guías docentes das materias non coinciden coas enunciadas na memoria verificada. Ademais, hai apartados que, dependendo da materia (profesor) teñen contidos máis ou menos dispares.

Relacionado co punto anterior está a ausencia aparente, salvo erro de busca, de rexistros do SGIC na aplicación informática desde o ano 2015. O SGIC do centro está certificado e, como tal, debería ter os rexistros actualizados.

O informe de revisión pola dirección, malia que é bastante completo, presenta carencias importantes: nos anexos non aparecen táboas dos resultados das enquisas de satisfacción, dos resultados das enquisas de avaliación docente, os indicadores académicos desagregados por materias, etc., que inflúen claramente á baixa no resultado deste informe. Ademais, está redactado moi uniformemente, sen analizar especificamente cada un dos títulos. Aporta unha visión de centro e sería bo que ademais apareceran as visións detalladas de, polo menos, os graos, a través da análise da(s) persoa(s) que xestionaron máis directamente o título (coordinador do grao o similar).


Plan de melloras do título:

Todas as accións do plan de melloras están vinculadas ao resultado do proceso de acreditación do título.

En xeral, as accións están ben redactadas con responsable, temporalidade e indicadores de seguimento.

Percíbese que houbo un esforzo elevado en levalas adiante, de maneira que algunhas delas acadaron os obxectivos propostos. Obsérvase tamén unha visión realista na avaliación das accións que aínda están por rematar.

Vigo, a 4 de setembro de 2017



Xosé María Gómez Clemente
Director da Área de Calidade

1. Valoración do cumprimento

Resultado:

<input type="checkbox"/> Conforme excelente	<input checked="" type="checkbox"/> Conforme	<input type="checkbox"/> Non Conforme
<input type="checkbox"/> A	<input type="checkbox"/> B <input checked="" type="checkbox"/> C	<input type="checkbox"/> D

Resumo das Valoracións:

1 Organización e Desenvolvemento		C
2 Información e Transparencia	B	
3 Sistema de Garantía de Calidade		C
4 Recursos Humanos		B
5 Recursos Materiais e Servizos	C	
6 Resultados de Aprendizaxe	B	
7 Indicadores de Satisfacción e Rendemento	B	

Plan de Melloras

Desenvolvemento	B	
Seguimento		A
Coherencia		B

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO: Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se está a realizar conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permite una correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

Evidencias	Descrición
1.- Guías docentes das materias. <i>Fonte: Docnet e Memoria da titulación</i>	<p>Comprobar que as guías docentes de 3 materias elixidas aleatoriamente teñen os campos de competencias, contidos e metodoloxía docente correctamente cumprimentados nas dúas linguas e valorar se información é coherente coa memoria da titulación. (indicar neste campo las materias elixidas)</p> <p>Se houberse algún apartado sen información ou información incoherente, pódese comprobar ata 6 materias e verificar se é un erro sistemático ou puntual</p> <p>Suxestión de valoración Recomendacións para a mellora: Incumprimentos puntuais (non en todas as materias nin en todos os campos).</p> <p>Descrición da avaliación: Miráronse as materias:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Morfosintaxe do primeiro idioma estranxeiro. Corresponde á asignatura 1 da materia do mesmo nome. As competencias da guía (3 CB, 2 CG, 8 CE, 5 CT) non coinciden coas competencias da materia na memoria (8 CG, 5 CE). Os resultados de aprendizaxe da guía e da memoria coinciden textualmente. A guía figura nos 3 idiomas. - Historia do primeiro idioma estranxeiro. Corresponde á asignatura 1 da materia do mesmo nome. As competencias da guía (2 CB, 1 CG, 9 CE, 3

	<p>CT) non coinciden coas competencias da materia an memoria (13 CG, 11 CE). Os resultados de aprendizaxe da guía coinciden textualmente cos cinco últimos da memoria. A guía en inglés está incompleta (faltan resultados de aprendizaxe). Os contidos só están en inglés.</p> <p>- Lingua para fins específicos. Asignatura da materia do mesmo nome. As competencias da guía (9 CE, 5 CT) non coinciden coas competencias da materia an memoria (9 CG, 10 CE). Os resultados de aprendizaxe da guía coinciden textualmente coa memoria. A guía está nos tres idiomas. Os contidos só están en inglés.</p>
<p>2.- Informe de Coordinación Fonte: SGIC</p>	<p>Analizar no rexistro do SGIC “R1 DO 0201 P1 Informe de Coordinación” (Sistema de garantía de Calidade (curso 2013-2014 en adelante/Registros del SGIC/Procedimientos clave/DO0201 P1 Planificación y desarrollo de la enseñanza) os mecanismos de coordinación docente.</p> <p>Suxestión de valoración <u>Non conformidade:</u> Non hai informe de coordinación <u>na aplicación do SGIC, mais sí na aplicación Avalía.</u></p> <p>Descrición da avaliación: O último rexistro que figura na aplicación do SGIC é do 13/07/2015. Polo tanto, non se evidencia que exista informe de coordinación do curso 15-16. Con esa data existe o informe de coordinación resultante da elaboración das guías docentes. Apórtase un documento titulado “Informe das actividades de coordinación do Grao de Linguas Estranxeiras, Nuria Yáñez Bouza”. Dito informe, que resulta significativo, mostra a falta de estruturas de coordinación formais que existe no grao. Este documento debe subirse á aplicación do SGIC.</p>

1.1.1 Valoración do Criterio:

1 Organización e Desenvolvemento **C**

1.1.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Guías docentes	As competencias das guías non coinciden coas das memorias. Ademais, existen deficiencias puntuais que poderían ser eliminadas.	SI
Non Conformidade	Informe de coordinación	No rexistro do SGIC non se atopou o informe de coordinación correspondente ao curso 15-16 (non hai rexistros posteriores a xullo de 2015). Se se comproba que existe este informe, e que se ten subido á aplicación do SGIC, valoraríase o cambio na clasificación.	SI
Tipo			

1.1.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
<p>As competencias non coinciden en terminoloxía pola seguinte razón:</p> <p>(i) O tipo de competencias que se documentan na memoria de GLE non ten unha correspondencia equitativa co tipo de competencias que aparecían na aplicación informática das guías docentes.</p> <ul style="list-style-type: none"> - A memoria de GLE ten “competencias básicas” (CB), numeradas 1-5. - A memoria de GLE non ten “Competencias Transversais” (CT). Para 2015/16 na aplicación aparecían repetidas as CB como CT. A información foi volcada erroneamente. O profesorado marcou CT e non debería telo marcado. - A memoria de GLE menciona “competencias específicas de grao” (1-13). Estas corresponden ás “competencias xerais” (CG) na aplicación. - A memoria de GLE menciona “competencias específicas da materia”. Éstas deberían corresponder coas “competencias específicas” (CE) na aplicación. <p>Por mor da terminoloxía, o profesorado tendeu a confundir as CG coas CE. Lamentablemente o erro non foi detectado a tempo.</p> <p>Por outra banda, algunhas materias non se adhíren á memoria na súa totalidade porque o profesorado considera que a memoria non se corresponde coa realidade. As modificacións foron debidamente documentadas con vistas á revisión da memoria nun futuro próximo.</p>	<p>Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p> <p>Aprécianse nestas alegacións diferencias de criterio, e de comprensión da terminoloxía utilizada para a elaboración e actualización das Guías docentes.</p> <p>Considérase polo título que as competencias do mesmo son especiais, non tendo correspondencia coas da aplicación informática...</p> <p>Ademais, recollese que o título non ten competencias transversais:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Recoméndase revisar os conceptos de transversalidade en competencias, e ver se realmente o título non ten CTransversais... • Deben revisarse todas as competencias de cada materia recollida na aplicación das guías docentes, xa que din que por erro as CB están repetidas como CT por erro xeralizado do Profesorado... <p>As competencias específicas de grao recollidas na Memoria, recolléronse como competencias xerais na aplicación.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Debe revisarse polos/as responsables da Titulación, segundo o recollido nas alegacións, se as competencias específicas de cada materia que aparecen na Memoria corresponde coas CE recollidas na aplicación. • Debe revisarse por cada Profesor/a, e polos responsables da titulación, se existe confusión na aplicación, en cada guía docente, entre CG e CE. <p>Se o profesorado considera que a memoria vixente non se corresponde coa realidade é asunto de relevancia prioritaria:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Considerase aconsellable unha acción formativa completa sobre os conceptos erróneos e a aplicación das Guías Docentes. • Considérase aconsellable unha revisión total e profunda de cada Guía docente de materia. • Considérase imprescindible, se realmente a memoria non se corresponde coa realidade da titulación, plantexar polo título unha modificación do mesmo, e unha actualización da Memoria. <p>Considérase que a puntuación de C deste aspecto (C global polas guías docentes) segue sendo axeitada, con posibilidades de mellora neste aspecto valorado.</p>

<p>O informe de coordinación da titulación de GLE foi debidamente entregado á Vicedecana de Calidade con data 28/07/2016. A Vicedecana confirmou a súa recepción. A Área de Calidade foi consultada sobre o asunto e confirmou que o informe si aparece na aplicación (6/07/2017).</p>	<p>Modifícase a valoración Si <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/></p>
	<p>Xustificación: Na aplicación avalía, subiuse o informe de coordinación do curso 2015-16, de data 28/07/2016. Pero, con todo, na aplicación do SGIC non se atopa. O último rexistro subido en Coordinación, e o informe de xullo de 2015, como xa se vira na avaliación interna. Apreciase o contido deste informe de coordinación do 2015/16, malia que o que se tivera en conta era se estaba na aplicación do SGIC.</p>
	<p>Considérase que a puntuación de B deste aspecto (C global, polas guías docentes) segue sendo axeitada, con posibilidades de mellora neste aspecto valorado.</p>

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese), nas seguintes evidencias:

Evidencias	Descrición
3.-Páxina web da Universidade, centro ou título	<p>Valorar se a información pública destes apartados do título é útil, intuitiva e actualizada.</p> <ul style="list-style-type: none"> • TFG/TFM (normativa, comisións de avaliación, temáticas, convocatorias, etc.) • Horarios, aulas e calendarios de exames. • Manual, procedementos, política e obxectivos de calidade • Profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias nas que imparte docencia, breve CV, etc.) • Informe de revisión pola dirección <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Información incompleta e non moi accesible dalgunha cuestión <u>Fortaleza:</u> Información clara, accesible e actualizada.</p> <p>Descrición da avaliación: Toda a información atópase na páxina web do centro. A accesibilidade podería mellorarse. Gran parte da información atópase en documentos únicos para todos os títulos do centro en formato PDF. Os nomes dos arquivos son acrónimos cos que é moi posible que o persoal do centro estea familiarizado pero que non significan nada para o persoal alleo ao centro.</p>

1.2.1 Valoración do Criterio:

2 Información e Transparencia B

1.2.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia	Xustificación	Alégase?
Fortaleza	WEB	Toda a información relevante para o título está presente na web.	
Recomendacións para a mellora	Organización da información	Unha parte importante da información non está desagregada por titulacións o que a fai pouco accesible	SI

1.2.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
O feito de que a información sobre GLE non figure adecuadamente na páxina web da Facultade non é responsabilidade directa da titulación. Xa que logo, as posibles deficiencias non deberían afectar a cualificación dunha titulación de xeito individual.	<p>Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación: Non se considerou non conformidade, só se fixo unha recomendación. Considérase que de xeito bidireccional, a responsabilidade sobre a claridade e accesibilidade da información de cada Título é mutua, tanto do título, para comunicar ao Centro a información actualizada, como do Centro, en subila se a organización da información está centralizada</p>

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Evidencias:	Descrición
<p>4.- Actas do último curso da Comisión de Calidade: <i>Fonte: Evidencia 5 do Auto informe de Avalía</i></p>	<p>Comprobar nas actas que hai asuntos tratados na Comisión de calidade que xorden da implantación dos procedementos (por exemplo coordinación, orientación, practicas, promoción...)</p> <p>Suxestión de valoración <u>Fortaleza:</u> Evidenciase nas actas que os asuntos tratados na comisión xorden da implantación e son útiles para a mellora da calidade da titulación, se ben non están actualizadas na aplicación SGIC, están na web do Centro.</p> <p>Descrición da avaliación: Non se atoparon as actas da comisión de calidade na documentación aportada polos responsables do título no Informe de Seguimento subido á aplicación Avalía. Na web do Centro, na ligazón http://fft.webs.uvigo.es/es/actas-comision-de-calidade/ atópanse as actas da Comisión de Calidade ata decembro de 2016. Evidenciase que os asuntos tratados son relativos ao SGIC, e relacionados coa mellora continua do SGIC.</p>
<p>5.- Documentación do SGIC <i>Fonte: SGIC</i></p>	<p>Comprobar estes 2 rexistros de procedementos na aplicación para comprobar a implantación do SGC.</p> <ul style="list-style-type: none"> • R1 DO 0203 P1 Plan de acción tutorial (anual) <i>Sistema de garantía de Calidade (curso 2013-2014 en adelante/Registros del SGIC/Procedimientos clave/DO0203 P1 Planificación y desarrollo de la enseñanza</i> • R1 DO 0202 P1 Plan de Promoción do centro (anual) <i>Sistema de garantía de Calidade (curso 2013-2014 en adelante/Registros del SGIC/Procedimientos clave/DO0202 P1 Promoción de las titulaciones</i> <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Falta un procedemento actualizado e coa información apropiada.</p> <p>Descrición da avaliación: Na aplicación do SGIC non hai rexistros posteriores a xullo de 2015 para o PAT nin posteriores a febreiro de 2015 para o plan de promoción do centro. Na evidencia 19 do Informe de Seguimento, na aplicación Avalía, da Ac sug, atópase o informe da aplicación do Plan Tutorial no curso 2015-16, e Plan de Promoción de 2012, coas evidencias de accións realizadas en 2015-16.</p>

1.3.1 Valoración do Criterio:

3 Sistema de Garantía de Calidade C

1.3.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia	Xustificación	Alégase?
Fortaleza con Recomendacións para a mellora	Actas da comisión de calidade	As actas atópanse na web do Centro. A última é de decembro de 2016. Descoñécese porque non se actualizan estes documentos na aplicación SGIC desde xullo de 2015 (recomendación).	SI
Recomendacións para a mellora	Rexistros do SGIC	Non aparecen rexistros na aplicación do SGIC con posterioridade ao final do curso 14-15. Descoñécese porque non se actualizan estes documentos na aplicación SGIC desde xullo de 2015. Engádense estes documentos ao Informe de Seguimento, na aplicación Avalía. Non se atopa información destes Plans na web do Centro. O Plan de Promoción non existe como documento formal para o 2015/16, senón como Informe de actividades concretas realizadas segundo o Plan de Promoción de 2012. O mesmo para o PAT: en Avalía súbense os rexistro de aplicación do PAT xeral ao curso 2015/16.	SI

1.3.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
<p>O feito de que a información relacionada con SGIC e as Actas da Comisión de Calidade non esté actualizada ou dispoñible non é responsabilidade directamente da titulación.</p> <p>As actas da Comisión de Calidade están debidamente actualizadas na páxina web do centro, na sección da Comisión de Calidade: fft.webs/uvigo.es/gl/calidade/comisión-de-calidade.</p> <p>A ligazón aportada en Avalía foi a ligazón á Comisión de Calidade, onde si aparecen as actas.</p> <p>O posible cambio de ubicación da sección de SGIC á sección de Calidade está relacionado cos cambios na equipa decanal da FFT que tiveron lugar ao longo do ano 2015. Isto tampouco é responsabilidade directa da titulación.</p>	<p>Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación: Non se considerou non conformidade, só se fixo unha recomendación. O que se avalía neste criterio é a actualización e cumprimento do SGIC, e precisamente, non se actualizan os rexistros na aplicación do SGIC desde 2015. Considérase, ademais, que de xeito bidireccional, a responsabilidade sobre a claridade e accesibilidade da información de cada Título é mutua, tanto do título, para comunicar ao Centro a información actualizada, como do Centro, en subila se a organización da información está centralizada.</p> <p>Considérase que a puntuación de C (conforme) deste aspecto segue sendo axeitada, con posibilidades de mellora neste aspecto valorado.</p>

<p>Sobre o PAT, na aplicación de avalía apórtase documentación sobre o curso 2015/16 máis o curso 2016/17, tanto o manual como a listaxe detallada de titores.</p> <p>A maiores, para GLE apórtase información sobre o programa Peer Mentoring, que forma parte do PAT.</p> <p>Sobre o Plan de Promoción, apórtase o que hai. Non é responsabilidade de GLE non ter un plan máis actualizado para o centro.</p>	<p>Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p> <p>Non se considerou non conformidade, só se fixo unha recomendación. O que se avalía neste criterio é a actualización e cumprimento do SGIC, e precisamente, non se actualizan os rexistros na aplicación do SGIC desde 2015.</p> <p>Considérase, ademais, que de xeito bidireccional, a responsabilidade sobre a claridade e accesibilidade da información de cada Título é mutua, tanto do título, para comunicar ao Centro a información actualizada, como do Centro, en subila se a organización da información está centralizada.</p> <p>Considérase que a puntuación de C (conforme) deste aspecto segue sendo axeitada, con posibilidades de mellora neste aspecto valorado.</p>
---	---

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS: Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Evidencias:	Descrición
6.- Plan de Ordenación Docente <i>Fonte: Evidencia 15 do Auto informe de Avalía</i>	Analizar na evidencia Nº15 do auto informe o número e a categoría do profesorado, e se o número de profesores por materia e razoable. Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Distribucións de profesorado por materias ou a categoría do profesorado . Descrición da avaliación: O número e categoría dos profesores do título é aceptable. O número de catedráticos de universidade é baixo. Existe tamén un número baixo de profesorado non doutor (TEU, ASO). O número de PDI en formación (doutores e non doutores) é relevante. O número de profesores por materia é, en xeral, adecuado (ben dimensionado).
7.- Resultados da EAD <i>Fonte: Informe de revisión pola dirección</i>	Valorar a análise dos resultados asociados as enquisas de avaliación da docencia e no informe de revisión pola dirección Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Hai unha reflexión incompleta ou non acadar as metas asociadas non haber asociados accións de mellora. Descrición da avaliación: Nun anexo figuran os resultados globais das EAD de todos os títulos do centro que aparecen brevemente comentados na páxina 16 do informe.

1.4.1 Valoración do Criterio:

4 Recursos Humanos B

1.4.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Resultados de EAD	É necesario analizar os datos das EAD dun xeito máis desagregado para detectar a orixe das posibles deficiencias	SI
Tipo			

1.4.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
<p>A contratación ou non de persoal profesorado non é responsabilidade da titulación nin do profesorado. Hai moito persoal acreditado debidamente á TU e á CU que non pode acceder a promoción por razóns alleas ao departamento e que dependen das políticas da universidade ou do Ministerio de Educación.</p>	<p>Modifícase a valoración <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación: As aclaracións complementarias recollidas na alegación aportan información que fai aceptar que o grao de consolidación actual é axeitado. Elimínase a recomendación para a mellora.</p>
<p>A reflexión das enquisas de avaliación docente aparece no Informe de Dirección. Este informe non é responsabilidade directa da titulación.</p>	<p>Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación: Non se considerou non conformidade, só se fixo unha recomendación. O que se avalía neste criterio é o <u>grao de profundidade e utilidade para a mellora da análise dos resultados das EAD</u>, o que se pode mellorar.</p> <p>Considérase, ademais, que de xeito bidireccional, a responsabilidade sobre a análise das EAD de cada Título e a súa utilidade é mutua, tanto do título, para comunicar ao Centro a análise pormenorizada, como do Centro, e en particular da CGIC, en analizar de xeito transversal as análises particulares de cada Título, e en recollela de xeito detallado na Acta de revisión pola Dirección.</p> <p>Considérase que a puntuación de B (conforme) deste criterio segue sendo axeitada, con posibilidades de mellora neste aspecto valorado.</p>

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS: Analizar e valorar si os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son axeitados ás necesidades do título.

Indicadores:	Descrición
8.- Enquisas de satisfacción cos recursos materiais e infraestruturas <i>Fonte: Informe de revisión pola dirección</i>	<p>Valorar a análise dos resultados asociados aos recursos materiais e infraestruturas no <u>informe de revisión pola dirección</u></p> <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Hai unha reflexión incompleta ou con resultados insuficientes e non en todos os campos.</p> <p>Descrición da avaliación: No informe de revisión pola dirección no apartado dedicado ao análise dos resultados das enquisas de satisfacción non se mencionan os recursos materiais e infraestruturas. Non figuran nos anexos os valores obtidos en ditas enquisas nas diferentes titulacións do centro.</p>

1.5.1 Valoración do Criterio:

5 Recursos Materiais e Servizos C

1.5.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Resultados de enquisas de satisfacción	No informe de revisión pola dirección non figuran os resultados das enquisas e tampouco se mencionan os recursos materiais na análise de resultados	SI

1.5.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
A falta de información ou reflexión non é responsabilidade directa da titulación GLE.	<p>Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación: Non se considerou non conformidade, só se fixo unha recomendación. O que se avalía neste criterio é o <u>grao de profundidade e utilidade para a mellora da análise dos resultados en recursos materiais (a través das enquisas de satisfacción do alumnado e do profesorado, por exemplo), e a súa adecuación no curso analizado, neste caso 2015/16, e para os seguintes.</u></p> <p>Considérase, ademais, que de xeito bidireccional, a responsabilidade sobre a análise da adecuación dos recursos materiais de cada Título e a súa utilidade é mutua, tanto do título, para comunicar ao Centro a análise pormenorizada, como do Centro, e en particular da CGIC, en analizar de xeito transversal as análises particulares de cada Título, e en recollela de xeito detallado na Acta de revisión pola Dirección.</p>

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE: Analizar se os resultados de aprendizaxe acadados polos estudantes son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES.

Evidencias:	
<p>9.- Listaxe de Traballos Fin de Grado/Mestrado</p> <p><i>Fonte: Evidencia 24 do Auto informe de Avalía</i></p>	<p>Comprobar que a distribución das cualificacións é razoable</p> <p>Suxestión de valoración <u>Fortaleza:</u> Hai unha distribución de cualificacións razoable.</p> <p>Descrición da avaliación: A distribución de cualificacións é moi razoable. A cualificación máis outorgada é notable que a levan a metade dos alumnos presentados. Hai 8 non presentados e 1 suspenso. Os valores numéricos teñen unha variabilidade elevada.</p>
<p>10.- Indicadores por materia</p> <p><i>Fonte: Informe de revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar a análise dos indicadores por materia e resultados académicos por materia no <u>informe de revisión pola dirección</u></p> <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Reflexión incompleta ou valores deficientes.</p> <p>Descrición da avaliación: Existe un anexo cos resultados académicos desagregados por materia onde se observa un comportamento bastante regular con taxas de éxito e rendemento elevado. A análise dos resultados é excesivamente breve (dúas liñas na páxina 17 do informe).</p>

1.6.1 Valoración do Criterio:

6 Resultados de Aprendizaxe

B

1.6.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Fortaleza	Resultados TFG	Existe paralelismo entre a distribución de resultados do TFG e o resto das materias do título	
Recomendacións para a mellora	Indicadores por materia	Debería existir no <i>informe de revisión pola dirección</i> unha análise máis profunda/extensa dos indicadores de rendemento desagregados por materias/asignaturas	SI

1.6.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
<p>A falta de información ou reflexión non é responsabilidade directa de GLE.</p>	<p>Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación: Non se considerou non conformidade, só se fixo unha recomendación. O que se avalía neste criterio é o <u>grao de profundidade e utilidade para a mellora da análise dos indicadores de rendemento por materias</u>, o que se pode mellorar.</p> <p>Considérase, ademais, que de xeito bidireccional, a responsabilidade sobre a análise dos indicadores de rendemento de cada Título e a súa utilidade é mutua, tanto do título, para comunicar ao Centro a análise pormenorizada, como do Centro, e en particular da CGIC, en analizar de xeito transversal as análises particulares de cada Título, e en recollela de xeito detallado na Acta de revisión pola Dirección.</p>

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDIMENTO: Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

Evidencias:	
<p>11.- Enquisas de satisfacción dos diferentes grupos de interese <i>Fonte Informe de Revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar os resultados das diferentes enquisas de satisfacción no informe de revisión Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Reflexión incompleta ou valores insuficientes.</p> <p>Descrición da avaliación: Non foi posible atopar os resultados das enquisas de satisfacción do título no Informe de Revisión. Na reflexión indícase que os resultados non son demasiado bos, que se fixeron xestións para coñecer as causas pero estas tampouco figuran no informe. Sorpudentemente, os valores acadados nas enquisas de satisfacción non se corresponden cos indicadores globais do título nin coas enquisas de avaliación docente do profesorado, sendo o valor medio de 2.89 e o ítem peor valorado (non se di cal é) acada 1.87.</p>
<p>12.- Resultados asociados á política e obxectivos de calidade <i>Fonte Informe de Revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar os resultados dos indicadores asociados á política e obxectivos de calidade que integran o SGIC no <u>informe de revisión pola dirección</u>. Suxestión de valoración <u>Fortaleza:</u> Hai unha reflexión completa e os resultados acadan as metas asociadas</p> <p>Descrición da avaliación: Os indicadores do título semellan, en xeral, moi aceptables, suxerindo que non hai problemas globais importantes no funcionamento da titulación (a taxa de abandono é a máis alta de todos os títulos do centro).</p>
<p>13.- Resultados académicos globais <i>Fonte Informe de Revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar os resultados globais da titulación no informe de revisión pola dirección Suxestión de valoración <u>Fortaleza:</u> Reflexión completa e valores salientables.</p> <p>Descrición da avaliación: Os resultados académicos da titulación son, en xeral, bos, tal e como mostran os indicadores globais e o anexo de resultados académicos desagregados por materias. Bótase en falta unha análise pormenorizada para saber se o comportamento individual de cada unha das materias/ asignaturas é homoxéneo ou non.</p>

1.7.1 Valoración do Criterio:

7 Indicadores de Satisfacción e Rendemento B

1.7.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Enquisas de satisfacción	Os valores das enquisas de satisfacción son baixos e non se corresponden cos indicadores globais, os resultados académicos ou as enquisas de avaliación docente. Semella que podería haber algún problema no funcionamento do título.	SI
Fortaleza	Indicadores globais	Os valores dos indicadores globais da titulación semellan bos.	
Fortaleza	Resultados académicos	Os resultados académicos globais semellan bos.	
Recomendacións para a mellora	Resultados académicos	Bótase en falta unha análise pormenorizada para saber se o comportamento individual de cada unha das materias/asignaturas é homoxéneo ou non.	

1.7.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
<p>A cualificación de “valores baixos” é relativa e non se explica en relación a que se consideran baixos.</p> <p>Tanto a valoración como a porcentaxe de participación nas enquisas de satisfacción son estables en relación ao curso anterior 2014/15. En relación a outros graos da FFT, os valores de satisfacción son superiores ao Grao de TI, e levemente inferiores ao grao de CLEL.</p>	<p>Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p> <p>Non se considerou non conformidade, só se fixo unha recomendación. O que se avalía neste criterio é o <u>grao de profundidade e utilidade para a mellora da análise dos resultados das enquisas de satisfacción das distintas partes interesadas (alumnado, profesorado, empregadores/as, ...)</u>, o que se pode mellorar en vindeiras revisións pola Dirección. Na de 2015/16, non se incluíron os datos dos resultados das enquisas de satisfacción, e unicamente o valor medio de 2.89 e o ítem peor valorado (non se di cal é), que acada 1.87.</p> <p>Semella que podería haber algún problema ou algunha área de mellora (puntos máis débiles ou ítems peor valorados) no funcionamento do título que os valores detallados de cada ítem e a análise pormenorizada das posibles causas (comparativas co histórico anterior, comparativas entre títulos do Centro, ...) poderían axudar a establecer accións de mellora continua dos resultados.</p>

2. Plan de Melloras do Título

Resultado:

- Conforme excelente** **Conforme** **Non Conforme**
 A **B** **D**
 C

2.1 Xustificación da Valoración

Valoraranse as accións desenvolvidas, o seguimento das accións dos cursos anteriores e a coherencia entre estas accións e os resultados do título, así como as accións levadas a cabo para dar resposta ás recomendación para a mellora establecidas nos distintos informes de avaliación externa.

Cuestións	Descrición
1.- Desenvolvemento Todos os puntos febles atopados levan asociados unha acción de mellora?	<p>Ver no epígrafe “1. Valoración do cumprimento” o número e a importancia dos puntos febles atopados. Indicar exemplos máis salientables no caso que os houberse</p> <ul style="list-style-type: none"> • Exemplo 1... • Exemplo 2... <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Hai algúns puntos febles atopados que non teñen accións de mellora asociada.</p>
	<p>Descrición da avaliación: O plan de melloras presentado está directamente relacionado co informe da comisión da acreditación. Polo tanto, as deficiencias detectadas neste informe están maioritariamente recollidas no informe de acreditación, figurando como parcialmente realizadas as accións de mellora presentadas. Aínda así, atopáronse algúns problemas que non teñen resposta no plan de melloras. O máis salientable é a non existencia de rexistros do SGIC para a Titulación con posterioridade ao ano 2015 na aplicación do SGIC.</p>
2.- Seguimento As accións de mellora que xurdiron o curso pasado desenvolvéronse de forma axeitada	<p>Valorar o grado de cumprimento e os resultados acadados das accións de mellora do curso pasado. Valorarase de xeito especial aquelas que xurdiran de procesos de avaliación externa.</p> <p>Suxestión de valoración <u>Fortaleza:</u> Evidenciase que todas as accións de mellora do curso pasado teñen un seguimento.</p>
	<p>Descrición da avaliación: En xeral, as accións de mellora realizáronse ou están en proceso de realización. Todas as accións teñen responsables e indicadores para ser avaliadas.</p>

<p>3.- Coherencia As accións de mellora en xeral son coherentes para solucionar os puntos febles ?</p>	<p>Analizar se os puntos febles pódense solucionar a partir das accións de mellora.</p> <p>Analizar se as actuacións a desenvolver xorden das accións de mellora</p> <p>Analizar se os prazos e responsables son os axeitados para levar a cabo as accións de mellora</p> <p>Indicar exemplos máis salientables no caso que os houberse</p> <ul style="list-style-type: none"> • Exemplo 1... • Exemplo 2... <p>Suxestión de valoración</p> <p><u>Non conformidade:</u> As accións de mellora de xeito xeral non son capaces de solucionar o problema (Responsables inadecuados, prazos moi longos ou curtos, accións que non resolven o problema....etc)</p> <p><u>Recomendacións para a mellora:</u> As accións de mellora de xeito puntual non son capaces de solucionar o problema</p> <p><u>Fortaleza:</u> As accións de mellora son adecuadas para solucionar os problemas de xeito salientable</p> <hr/> <p>Descrición da avaliación:</p> <p>En xeral, as accións de mellora son coherentes cos puntos febles detectados. Algúns dos problemas atopados están resoltos ou en vías de solución. Outros problemas son máis complexos e, probablemente, requirirán de accións adicionais nos vindeiros anos. Por exemplo, non é doado establecer unha estrutura formal de coordinación que funcione correctamente (hai aspectos necesarios para o correcto funcionamento que non dependen unicamente dos responsables do título ou do centro.</p>
--	---

2.1 Valoración do Criterio:

Desenvolvemento	B
Seguimento	A
Coherencia	B

2.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Accións de mellora	Algúns puntos febles detectados non teñen unha acción de mellora asociada.	
Fortaleza	Seguimento	Detéctase vontade e espírito crítico para seguir de forma eficaz o alcance das accións de mellora.	
Tipo			

2.3 Alegacións do Plan de Melloras:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación: